

AS PEGADAS DO TEMPO

O primeiro ferrocarril español

Nome _____

Data _____

A primeira liña férrea de España

O 27 de setembro de 1825 inaugurouse a primeira vía férrea do mundo, a liña que unía as localidades mineiras de Stockton e Darlington, no Reino Unido.


Esa liña fora deseñada e dirixida por George Stephenson, que foi tamén o inventor da locomotora deste primeiro tren.

A primeira vía férrea para o transporte de pasaxeiros e de carga foi a que unía as localidades británicas de Liverpool e Manchester, inaugurada o 15 de setembro de 1830.

Axiña as liñas de ferrocarril se foron estendendo por todo o mundo. A primeira liña de España construíuse en Cuba, que daquela era unha colonia española. Inaugurouse en 1837 e correspondía á liña A Habana-Güines.

Na península ibérica, a primeira vía férrea de transporte de pasaxeiros inaugurouse o 28 de outubro de 1848, entre Barcelona e Mataró. O día da súa inauguración o tren compoñíase de 24 coches cunha capacidade para uns 900 viaxeiros. En 1851 inaugúrase a seguinte liña, que unía Madrid e Aranjuez. Actualmente, en España hai máis de 15.000 quilómetros de liñas férreas.

O tren supuxo un grande avance para a comunicación e a economía dun país que comezaba a desenvolver a súa revolución industrial.



1 Le o texto e contesta.

- En que país se construíu a primeira liña férrea do mundo? Cando se inaugurou?

- Onde se inaugurou a primeira liña de ferrocarril española? Que ruta facía?


- Cal foi a primeira liña da Península? _____

- Que características tiña? _____

- Que supuxo para España? _____

- 2** Explica quen reinaba en España entre 1833 e 1868. Resume dous feitos que ocorreron no seu reinado.
-
-

- 3** Marca cales destas máquinas se inventaron no século XIX.



- 4** Selecciona un deses inventos, busca información e completa no teu caderno unha ficha coma a seguinte.

Data de invención:	_____
Inventor:	_____
Principais características:	_____

- 5** A Revolución Industrial supuxo un gran cambio na sociedade da época. Pon dous exemplos de quen integraba as novas clases sociais.

Clase social	Exemplo
Clase alta	
Clase media	
Clase baixa	